



**BIBLIOTECA**



**50° aniversário do assassinato  
de John Fitzgerald Kennedy  
(22 de novembro de 1963)**

**John F. Kennedy foi o 35º  
Presidente dos EE. UU.  
Despois de servir na II Guerra  
Mundial, foi elixido senador entre  
1953 e 1960, ano no que se  
presentou ás eleccións á  
Presidencia**



**SEE!**

**HEAR!**



★  
★  
3:00 P. M.  
FRIDAY, SEPT. 16  
★  
★

Democratic Tent  
**YORK FAIR**

**SENATOR  
JOHN F. KENNEDY**

**PUBLIC CORDIALLY INVITED**

**Foi unha campaña moi disputada. A pesar do seu gran atractivo, pesaban contra el a súa xuventude (43 anos) e a sombra do seu pai, un empresario de éxito sospeitoso de contrabando e antigo simpatizante da Alemania nazi.**

**O seu rival, o vicepresidente Richard Nixon, non era moi popular, pero tiña ó seu favor a boa prensa de Eisenhower, o Presidente saínte. A elección resolveuse por moi pouco a favor de Kennedy**





**A presidencia de Kennedy resultou axitada desde o primeiro momento. No interior, a comunidade negra estaba iniciando un movemento poderoso en favor da igualdade real de dereitos nos estados do sur, coa que Kennedy simpatizaba, pero que vía con reparo por medo á reacción da poboación branca e a influencia que isto puidera ter na súa futura reelección en 1964**




**No exterior, desde sempre a clase dirixente dos EE.UU. vía con temor a expansión das ideoloxías socialistas e comunistas, sobre todo no caso de Cuba, a moi pouca distancia. En 1961 Kennedy autorizou a invasión de *Bahía Cochinos* por parte de paramilitares exiliados anticastristas, un plan deseñado pola CIA en tempos de Eisenhower. A acción fracasou pola falta de apoio aéreo estadounidense. En 1962 os soviéticos acordaron cos cubanos a instalación de misís nucleares na illa, imitando así a táctica que os estadounidenses desenvolvían noutros países próximos á U.R.S.S., como Turquía. Desatouse unha crise diplomática que, segundo moitos, estivo a piques de provocar unha guerra nuclear**






**A tensión cos soviéticos estaba tamén presente no sudeste asiático e Europa: Laos e Vietnam camiñaban cara réximes prosoviéticos, e Kennedy continuou a política de intentar impedilo, mais sen comprometer demasiados recursos militares na zona a partir de 1962; por outra banda, na súa visita a Berlín, en 1963, fixo unha condena expresa do muro e unha louvanza das bondades do sistema occidental fronte ó comunismo**

**O 22 de novembro de 1963  
Kennedy viaxa a Dallas para  
resolver unha disputa entre  
os líderes locais do seu  
partido, o Demócrata, e  
tamén para preparar a  
campaña pola reelección do  
ano seguinte. Ás 12:30,  
mentres viaxaba nunha  
limusina descuberta, foi  
asasinado por varios disparos  
de fusil. As investigacións  
inmediatas conduciron á  
detención dun sospeitoso,  
Lee Harvey Oswald, quen á  
súa vez foi asasinado dous  
días máis tarde dun tiro por  
Jack Ruby, un propietario de  
cabaret local**







Zapruder frame 259



A little flame is visible here, probably caused by Nellie Connally opening some sort of 'cartridge' or bottle.



Zapruder frames 261 - 267




Red fluid is ejected out of this bottle and is sprayed upon John Connally's back. This is to simulate his 'wounding'.









**A versión oficial establece que Oswald disparou tres veces desde a fiestra do sexto piso dun almacén de libros escolares que ofrecía unha visión traseira da comitiva presidencial. Unha das balas errou o branco e feríu levemente a un espectador; outra feríu a Kennedy nas costas e na gorxa (e ademais provocou máis feridas no gobernador John Connally, quen viaxaba diante do Presidente); a bala definitiva impactou na cabeza do Presidente**

**Segundo unha filmación feita por un aficionado, Abraham Zapruder, só hai tempo para tres disparos. A maioría dos que sospeitan de que houbo unha conspiración (na que Oswald puido participar ou non) dan varios argumentos:**

- **A segunda bala causa demasiadas feridas en Kennedy e Connally (a chamada “bala máxica”).**
- **Na bala fatal a cabeza de Kennedy oscila cara atrás e á esquerda, e non cara adiante, como quizais se esperaría dun disparo desde atrás.**
- **Varias testemuñas declararon ter oído disparos procedentes dun outeiro de herba fronte ó coche do Presidente**





**Durante todos estes anos téñense elaborado todo tipo de teorías conspirativas e anticonspirativas. De feito, a maior parte da poboación estadounidense considera que houbo unha conspiración. Os candidatos son moitos: a CIA e a Comunidade de Intelixencia dos EE.UU., os soviéticos, os cubanos (comunistas e/ou anticomunistas exiliados), a Mafia... O certo é que as sucesivas Presidencias non teñen feito demasiado por aclarar dúbidas, o que moitos consideran xa unha proba de que hai algo que interesa ocultar**



irakumi

पढ़ना

léigh

読む

lugeola

odasa

legere

soma

moñe é

lire

lukea

čítati

baca

読

llegir

ler

czytać

lesen

legi

läsa

читать

ohvas

leer

lexon

read

läsa

leg

읽다

διαβάζω

leggere

les  Ontexeria  
BIBLIOTECA

lohkat

brati

lezen